

**BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES
DEPORTIVAS. EXERCICIO 2022.**

Bases específicas que rexen convocatoria, en réxime de concorrència competitiva, para a concesión de subvencións para a promoción de actividades deportivos, que están suxeitas á ordenanza reguladora de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro do Concello de Ribeira, publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 100 de data 29 de maio de 2018 (aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión de 26 de marzo de 2018), a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións de Galicia e ao Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento que desenvolve a devandita lei.

1) OBXECTO.

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2022, destinadas a promover actividades dos clubs deportivos existentes no Concello de Ribeira, de acordo cos principios de obxectividade, concorrència competitiva e publicidade.

2) FINALIDADE.

Poderá ser subvencionada, ata un máximo do 70 % do gasto efectuado e acreditado, co límite de 15.000,00 €, a organización de actividades deportivas desenvoltas por entidades deportivas de carácter afeccionado, así como a participación en competicións deportivas sexan ou non federadas.

O Concello de Ribeira co obxectivo da mellora da calidade competitiva e organizativa dos clubs deportivos encabeza actuacións para a fusión de entidades da mesma especialidade, ca intención de que este unión non limite as capacidades deportivas e económicas do clubs fusionados establécese un límite de subvención par estes clubs na cantidade máxima de 20.000,00 € .

As actividades subvencionadas deberán desenvolverse dentro do período 01 de xaneiro de 2022 ó 31 de decembro de 2022.

Non se subvencionarán investimentos reais.

ORZAMENTO.

O Concello de Ribeira dispón das seguintes contías orzamentarias para destinar a esta convocatoria:

- Partida.- 341. 48005 Importe 150.0000 €.

3) ENTIDADES BENEFICIARIAS (requisitos)

Destinatarios Clubs deportivos que reúnan as seguintes condicións:

- Ter o seu domicilio social, ou sede, no concello de Ribeira.
- Estar inscritas no Rexistro Municipal de Clubs, e cun mínimo dun ano de participación en actividade deportiva federada.
- Contar cun número mínimo de vinte socios.
- Non estar incurso en ningún caso de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- Estar ao corrente das súas obrigas coa Axencia Tributaria, Seguridade Social e Concello de Ribeira.

Así como non ter pendente de xustificación ningunha axuda anterior do Concello, a non ser que se lle concedese unha prórroga

4) LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

En canto o lugar e prazo de presentación de solicitudes remítese o establecido nas bases xerais.

Para facilitar a presentación de solicitudes engádanse os seguintes modelos específicos.

CRITERIO	FÓRMULA QUE SE APLICA
1) Número de deportistas federados, repártense 15 puntos	Puntuación= 15 x nº licenzas do club a puntuar/nº de fichas totais de tódolos clubs solicitantes.
2) Desprazamentos a campionatos e eventos federados en Galicia, repártense 50 puntos	Puntuación= 50 x nº kilómetros realizados ou a realizar polo club a puntuar/totais realizados ou a realizar por tódolos clubs solicitantes.
3) Desprazamentos a campionatos e eventos federados fora da comunidade galega, repártense 5 puntos	Puntuación= 5 x nº kilómetros realizados ou a realizar polo club a puntuar/kilómetros totais realizados ou a realizar por tódolos clubs solicitantes.
4) Gastos federativos, repártense 10 puntos	Puntuación= 10 x gastos certificado do club a puntuar/gastos certificados por tódolos clubs solicitantes.
5) Gastos de participación en competición federada ,repártense 10 puntos	Puntuación= 10 x gastos do club a puntuar/gastos de tódolos clubs solicitantes
6) Outros gastos de funcionamento do Club, repártense 5 puntos.	Puntuación= 5x gastos do club a puntuar/gastos de tódolos clubs solicitantes
7) Estructura deportiva do club, repártense 5 puntos.	Puntuación= 5 x puntuación do club/puntuación obtida por tódolos clubs solicitantes.

Anexo V	DECLARACIÓN DE NÚMERO DE LICENCIAS FEDERATIVAS
Anexo VI	MODELO DE EQUIPOS PARTICIPANTES EN COMPETICIÓN OFICIAL
Anexo VII	MODELO DE DESPRAZAMENTOS A CAMPIONATOS DEPORTIVOS
Anexo VIII	MODELO DE GASTOS FEDERATIVOS
Anexo IX	MODELO DE GASTOS DE PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN FEDERADA
Anexo X	MODELO DE OUTROS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB
Anexo XI	MODELO DE ADESTRADORES

Acompañarán xunto con esta documentación copia dos calendarios federativos.

5) INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA.

6.1.- Instrución

A instrución do procedementos corresponderalle á Concellaría de Deportes. No seo desta constituirase unha comisión avaliadora, composta polos seguintes membros:

Presidente: O/a concelleiro/a delegado/a da área de Deportes, ou persoa en quen delegue.

- Vogais: Dous traballadores/as do departamento de deportes, designados polo/a concelleiro/a delegado/a.

Na comisión actuará como secretario/a, sen voto, un empregado/a público do Concello.

Aos efectos indicados neste apartado, e antes do remate do prazo de presentación de solicitudes, pola Alcaldía designarase:

- O traballador municipal que deba asumir a responsabilidade da tramitación de cada expediente.
- A persoa que deba asumir a secretaría da Comisión Avaliadora.

6.2. Proposta de resolución.

A Comisión Avaliadora procederá ao exame das solicitudes presentadas, formulando proposta de concesión achega , sempre antes do 31 de decembro de 2022, despois de valorar as actividades a realizar, en función dos seguintes criterios:

a) Número de deportistas federados:

- a) Participantes en competición federada: puntuación por cada deportista participante en competición federada aplicaráselle os seguintes índices correctores:
 - Nados/as Ata o ano 2015, con licencia federativa ou xogade x 0,25
 - Nados no 2014 e anteriores x 1,00
 - As deportistas femininas aplicarase un índice corrector de x 1,20
- b) Non participantes en competición deportiva federada: a puntuación por cada deportista NON participante en competición federada aplicaráselle o seguinte índice corrector: x 0,20.

b) Desprazamentos a campionatos e eventos federados en Galicia

- Cando os viaxes se realicen a campionatos non federados aplicaráselle un índice corrector de: x 0,50

c) Desprazamentos a campionatos e eventos federados nacionais/internacionais

- Cando as viaxes se realicen ao estranxeiro (excepto Portugal) computarase 1.200 kilómetros por cada deportista desprazado. Debendo relacionar unicamente os viaxes aboados polo club, non os aboados por federacións/selección deportivas.

d) Gastos federativos

- Computaranse neste apartado entre outros os gastos arbitrais,mutalidades, taxas federativas e inscricións a campionatos.
- Non se puntuarán as multa/sancións.

e) Gastos de participación en competición federada

- Gastos ocasionados pola participación en actividades deportivas, entre outros transporte, aloxamento, manutención, combustible...
- Como excepción ás bases xerais, os gastos de manutención e aloxamento poderán incluírse nos presupostos sempre que veñan acompañados de calendario deportivo que os respalde.

g) Outros gastos de funcionamento do Club

- Entre outros material deportivo, sanitarios (Medicina, farmacia,...), pequenos gastos de mantemento, asesoría, teléfono/internet...
- Exclúense gastos de luz, auga, aluguer instalación deportiva e monitorado.

h) Estructura deportiva do Club

Puntuarase por cada título de ADESTRADOR/A expedido polo organismo oficial correspondente, con licenza en vigor na tempada fixada nas bases, computándose un técnico por equipo como máximo, excepto en categorías senior.

ADESTRADOR/AES/AS NIVEL I CON LICENZA FEDERATIVA (2*) 3 puntos.

ADESTRADOR/AES/AS NIVEL II CON LICENZA FEDERATIVA (3*) 5 puntos.

ADESTRADOR/AES/AS NIVEL III CON LICENZA FEDERATIVA (4*) 7 puntos.

1*. Considérase ADESTRADOR/A Nivel I con Licenza Federativa aquel ADESTRADOR/A que posúa a titulación oficial de ADESTRADOR/A de Nivel I, a Titulación Federativa de Monitor Deportivo ou similar, da modalidade deportiva na que se desenvolva a competición da entidade e que ademais estivese en posesión da Licenza como ADESTRADOR/A de a tempada obxecto da convocatoria, ou titulación academica Tafad ou superior.

2*. Considérase ADESTRADOR/A Nivel II con Licenza Federativa aquel ADESTRADOR/A que posúa a titulación oficial de ADESTRADOR/A de Nivel II ou a Titulación Federativa de ADESTRADOR/A Rexional ou similar, da modalidade deportiva na que se desenvolva a competición da entidade e que estivese en posesión da Licenza como ADESTRADOR/A de a tempada obxecto da convocatoria ou titulación academica Tafad ou superior.

3*. Considérase ADESTRADOR/A Nivel III con Licenza Federativa aquel ADESTRADOR/A que posúa a titulación oficial de ADESTRADOR/A de Nivel III ou a Titulación Federativa de ADESTRADOR/A Nacional ou similar, da modalidade deportiva na que se desenvolva a competición da entidade e que estivese en posesión da Licenza como ADESTRADOR/A de a tempada obxecto da convocatoria .

Será necesario presentar unha certificado da federación correspondente, por cada título de adestrador, con licencia deportiva na tempada deportiva a valorar.

A puntuación xeral obtida por cada club despois de sumados os apartados anteriores aplicaráse o índice corrector de uso de instalacións:

ÍNDICE CORRECTOR POLO USO DE INSTALACIÓN DEPORTIVA MUNICIPAL	
Sen uso	x 1,00
Uso puntual	x 0,90
Uso medio	x 0,80
Uso intensivo	x 0,60

O técnico municipal emitirá informe da utilización das instalacións deportivas municipais por parte dos Clubs solicitantes .

Despois de aplicados os índices correctores, para o reparto definitivo aplicárase a seguinte fórmula:

SUBVENCIÓN A RECIBIR= (Total do crédito consignado / sumatorio das puntuacións obtidas polo total de clubs solicitantes) x puntuación do club a subvencionar.

Unha vez obtida unha puntuación repartirase as cantidades de forma proporcional os puntos obtidos. Se algún club alcanza o tope fixado de importe de subvención (15.000/20.000 €) reiniciaríase o proceso de valoración das restantes solicitudes, sen contar con estes clubs que alcanzaron o tope.

Si existise sobranse nas cantidades a repartir, motivadas por ter superado algún club o máximo previsto nas bases, ou por ter unha puntuación que lle dese dereito a recibir máis importe que o solicitado inicialmente, ou por outra causa prevista nestas bases, a cantidade sobranse repartirase entre o resto dos clubs de forma proporcional a puntuación obtida no total dos apartados.

Conforme o artigo 19.3 da " Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia." : El importe de las subvenciones en ningún caso podrá ser de tal cuantía que, aisladamente o en concurrencia con otras subvenciones, ayudas, ingresos o recursos, supere el coste de la actividad subvencionada.

6.3 Notificacións

Todas as comunicacións relativas ao procedemento notificaranse a través do correo electrónico facilitado polo interesado para o efecto (haberá un apartado no modelo de solicitude).

6) XUSTIFICACIÓN

Como excepción as bases xerais :

- a) O prazo de xustificación será do 01 ao 31 de xaneiro de 2023
- b) Para a xustificación dos gastos federativos, incluídos arbitaxes, será válido o certificado federativo, acompañado dos xustificantes de pago correspondentes.




Será obrigatoria a xustificación do 100% dos gastos referidos nos puntos VIII, IX, X ,do baremo subvencionador reflexado no apartado 6 destas bases.

As cantidades destinadas a cada club veñen, entre outras condicións, en función dos gastos voluntariamente relacionados por eles nos puntos 5,8,9,10,11, do apartado 6, polo que si a xustificación non se axusta a estes gastos se producirán as seguintes penalizacións:

A) Ata un 15% de desvío na xustificación, a subvención reducirase proporcionalmente.

B) Máis dun 15% de desvío na xustificación, a subvención reducirase proporcionalmente neste exercicio e terá unha redución do 25% na subvención do exercicio seguinte.

ANEXOS



BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
EXERCICIO 2022
ANEXO I
DESIGNACIÓN DA PERSOA REPRESENTANTE DA ENTIDADE ANTE O CONCELLO DE RIBEIRA

D./D.^a , en calidade de secretario/a da entidade

CERTIFICO:

Que a xunta directiva da entidade, en sesión celebrada o día adoptou os seguintes acordos:

- ✓ 1.º.—Acolleuse á convocatoria de subvencións promovida polo Concello de Ribeira para o apoio das actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro liña ACTIVIDADES DEPORTIVAS correspondente ao exercicio 2022.
- ✓ 2.º.—Designar a D./D.^a..... para que represente a entidade ante o Concello en todo o procedemento.

E para que así conste, aos efectos oportunos, expido e firmo a presente, de orde e co visto e prace do presidente da entidade, en Ribeira, a de de 2022.

Asinado

O/a secretario/a

V. e prace

O/a presidente/a



BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
EXERCICIO 2022
ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./dona, con N.I.F., residente no Concello de parroquia/localidade de....., lugar/rúa..... n.º portal andar, na súa calidade de representante da entidade, con CIF, con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade,

DECLARO:

- ✓ Que coñezo e acepto as bases da convocatoria promovida polo Concello de Ribeira Para o apoio das actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro liña ACTIVIDADES DEPORTIVAS correspondente ao exercicio 2022, e que non estou incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade ningunha para contratar e percibir subvencións da administración pública.
- ✓ Que a entidade por min representada conta cun número de [REDACTED] socios activos.
- ✓ Que a entidade por min representada se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Ribeira poida acordar para comprobar que as actuacións ás que dedique a subvención, no caso de que nos fose concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.
- ✓ Que a entidade por min representada se compromete a difundir na publicidade das actividades subvencionadas o carácter público do financiamento, indicando expresamente a colaboración do Concello de Ribeira, inserindo o seu logo oficial en todo o material que se utilice para dita difusión
- ✓ Que a entidade por min representada está ao corrente das súas obrigas tributarias, coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Tesourería da Seguridade Social e coa Xunta de Galicia.
- ✓ Que AUTORIZO ao Concello de Ribeira para comprobar que a entidade por min representada se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias con esa administración.

Ribeira, de de 2022.

Asdo.: O/a representante da entidade

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
EXERCICIO 2022
ANEXO III
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

Datos da entidade

Nome....., CIF.....

Enderezo:

Tfno. , N.º de rexistro municipal de asociacións

Correo electrónico:

Datos do representante

Nome e apelidos: NIF

Tfno.....

Correo electrónico

1.-OBJECTO DA SUBVENCIÓN (deberase describir, DE XEITO SUFICIENTE DETALLADO, a actividade para a que se solicita a subvención, así como o fin ou obxectivo que se espera acadar con esta. En caso de que o espazo ofrecido neste cadro non fose suficiente, a descrición poderá ser reproducida en documentos á parte, que se engadirán a esta solicitude).

a) OBJECTO DA ACTIVIDADE	b) ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS.(€)	c) IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA.

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE. INTERESE E OBXECTIVO QUE PERSEGUE.

MEDIO DE DIFUSIÓN / PUBLICIDADE QUE SE EMPREGARÁ:	
---	--

N.º ESTIMADO DE PERSOAS QUE SE BENEFICIAN DA AXUDA:	
---	--

DETALLE DO ORZAMENTO ESTIMATIVO DE GASTOS	
Gasto	Importe (€)
TOTAL:	
Financiamento propio da entidade	
	Importe. (€)
TOTAL	

Outras subvencións solicitadas para a mesma finalidade	
Entidade	Importe (€)

TOTAL GASTOS (A)	TOTAL INGRESOS (B)
Importe máximo a solicitar : Diferencia entre gastos e ingresos, sempre que esta diferencia non superen o 70 % do presuposto estimativo de gastos.	

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO
EXERCICIO 2022
ANEXO IV
DESIGNACIÓN DA CONTA BANCARIA NA QUE SE EFECTUARÁ O INGRESO DA SUBVENCIÓN

I. Datos do representante

NIF	Nome ou denominación social	
Domicilio fiscal	Municipio	
Provincia	Código Portal	Teléfono

II. Datos da entidade

NIF	Nome ou denominación social	
Domicilio fiscal	Municipio	
Provincia	Código Portal	Teléfono

III. Datos bancarios

IBAN	Código entidade	Código sucursal	D. C.	Número de conta
A cumprimentar pola entidade de crédito				
(Selo da entidade de crédito)				



BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES

DEPORTIVAS
EXERCICIO 2022
ANEXO V
DECLARACIÓN DO NÚMERO DE LICENCIAS

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que as licencias do Club _____
na tempada 2022 (clubs con tempada coincidente co ano natural), ou tempadas deportiva 2021/2022 e 2021/2023 (clubs con tempadas que se prolonguen en dous anos distintos) , foron as seguintes:

1) PARTICIPANTES EN COMPETICIÓN DEPORTIVA FEDERADA

	Ano 2022 ou tempada 2021/2022		Tempada 2022/2023	
	HOMES	MULLERES	HOMES	MULLERES
DE BASE (ata o ano 2015)				
RESTO CATEGORÍAS (nados 2014 e anteriores)				

2) NON PARTICIPANTES EN COMPETICIÓN DEPORTIVA FEDERADA (deberán ter licenza xogade/ou federativa)

	Ano 2022 ou tempada 2021/2022	Tempada 2022/2023
TOTAL		

Estes datos serán unicamente referidos os equipos que actúen como locatarios nalgunha instalación deportiva do concello de Ribeira.

Asdo. O/A representante da entidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
EXERCICIO 2022
ANEXO VI
DECLARACIÓN DO NÚMERO DE EQUIPOS EN COMPETICIÓN

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que _____ os _____ equipos _____ en _____ competición _____ do _____ club _____ durante o ano 2022e/ou tempada deportiva 2022/2023, foron os seguintes:

CATEGORÍA	DENOMINACIÓN LIGA	TEMPADA

*** Os club con tempada deportiva partida en dúas anualidades deberán relacionar os equipos participantes nas ligas federadas nas dúas tempadas (2021/2022 e 20022/2023).**

Estes datos serán unicamente referidos aos equipos que actúen como locatarios nalgunha tiva do concello de Riveira.



sentante da entidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCION DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
--

EXERCICIO 2022.
ANEXO VII
DECLARACIÓN DE DESPRAZAMENTOS A CAMPIONATOS DEPORTIVOS

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os viaxes realizados, ou a realizar, polo CLUB _____

durante o período 01 de xaneiro de 2022 ao 31 de decembro de 2022 son os seguintes:

a) Viaxes en Galicia

<u>Localidade</u>	<u>DENOMINACIÓN COMPETICIÓN</u>	<u>Nº DEPORTISTAS</u>	<u>FEDERADA</u>	
			<u>SI</u>	<u>NON</u>

b) Viaxes a campionatos nacionais ou internacionais:

<u>Localidade</u>	<u>DENOMINACIÓN COMPETICIÓN</u>	<u>Nº DEPORTISTAS</u>	<u>FEDERADA</u>	
			<u>SI</u>	<u>NON</u>

Non se relacionaran os viaxes a competicións con motivo da disputa de ligas deportivas suxeitas a calendario previo., nin aqueles aboados por federacións deportivas.

Relacionaranse outros como disputa de fases de ascenso, roldas de copa, competicións amigables... , sempre e cando sexan realizados o amparo das respectivas federacións deportivas.



da entidade

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
--

EXERCICIO 2022.
ANEXO VIII
DECLARACIÓN DE GASTOS FEDERATIVOS

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os gastos derivados da participación en competicións deportivas (arbitraxes e inscrición en campionatos e competicións deportivas) realizados ou a realizar polo Club

_____, no período do 1 xaneiro ata o 31 de decembro de 2022 son os seguintes:

<u>CONCEPTO:</u>	<u>IMPORTE:</u>
Arbitraxes:	
Inscricións en ligas e campionatos:	
Mutualidades	
Outros (detallaranse):	
TOTAL	

Estes datos serán unicamente referidos os equipos que actúen como locatarios nalgunha instalación deportiva do concello de Ribeira.

Asdo. O/A representante da entidade.



BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS

EXERCICIO 2022.
ANEXO IX
DECLARACIÓN DE GASTOS DA PARTICIPACIÓN EN COMPETICIÓN FEDERADA

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os gastos derivados da participación en competicións deportivas , non incluídos nos anexos anteriores realizados ou a realizar polo Club _____ , no período do 1 xaneiro ata o 31 de decembro de 2022 son os seguintes:

<u>CONCEPTO:</u>	<u>IMPORTE:</u>
Transporte:	
Aloxamento:	
Manutención:	
Combustible:	
Outros (detallaranse):	
TOTAL	

Asdo. O/A representante da entidade.



BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES

DEPORTIVAS
EXERCICIO 2022.
ANEXO X
DECLARACIÓN DE OUTROS GASTOS DE FUNCIONAMENTO DO CLUB

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARO, (con coñecemento dos delitos nos que puidese incorrer por falsidade):

Que os gastos derivados da participación en competicións deportivas , non incluídos nos anexos anteriores realizados ou a realizar polo Club _____, , no período do 1 xaneiro ata o 31 de decembro de 2022 son os seguintes:

<u>CONCEPTO:</u>	<u>IMPORTE:</u>
Material deportivo:	
Sanitarios (Medicina, farmacia, rehabilitación...):	
Pequenos gastos de mantemento:	
Asesoría:	
Teléfono/internet:	
Outros (detallaranse):	
TOTAL	

*** Excluídos os gastos de luz, auga e aluguer de instalación deportiva e monitorado**



amente referidos os equipos que actúen como locatarios nalgunha concello de Ribeira.

da entidade.

BASES DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA PROMOCIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS
EXERCICIO 2022.
ANEXO XI
CONTA XUSTIFICATIVA

Datos do representante

Nome e apelidos: _____ NIF _____

DECLARA:

Que foron efectuadas as actividades financiadas coa achega concedida polo Concello de Ribeira para o apoio das actividades desenvolvidas por entidades sen ánimo de lucro liña CLUB DEPORTIVOS, ao abeiro da convocatoria correspondente ao exercicio 2022, resultando acadados os obxectivos propostos.

Que a relación de gastos e ingresos na que ten incorrido a asociación por min representada son os que se relacionan a continuación.

1) Gastos

Concepto	Importe	Expedidor factura	Data expedición	Data abono
Total gastos				

2) Ingresos

a) Subvencións.

Administración concedente.-	Importe.-
Total	_____ €

b) Outros ingresos que financiaron a actividade.

Tipo de ingreso	Importe.-
Total	_____ €

Asdo. O/A representante da entidade.